

MESA SECTORIAL DO DÍA 5 DE MAIO DE 2022

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O 9 DE MARZO.

Apróbase a acta da sesión referida unha vez feitas as alegacións por parte das Organizacións Sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: CALENDARIO ESCOLAR CURSO 2022/2023.

ANPE Galicia considera que se debería afrontar unha distribución equilibrada da duración dos diferentes trimestres do curso escolar. Hai modelos, como o de Cantabria, que xeraron problemas iniciais pero que actualmente están tendo unha boa aceptación e se amosa máis equilibrado.

A Administración propón 177 días (176 se o día 17 de maio é festivo). ANPE demanda un calendario escolar de 175 días lectivos. ANPE Galicia propón adiar o comezo das actividades lectivas do curso escolar en todas as etapas educativas do día 8 de setembro proposto ao día 12 de setembro coa finalidade de facilitar as tarefas de preparación e de coordinación do profesorado e evitar o posible caos que se pode producir ao principio de curso. Segundo o documento proposto pola administración educativa hai unha carga burocrática excesiva en 5 días laborais. ANPE, como leva facendo desde hai anos, está en contra da excesiva carga burocrática do profesorado. Hai que ter en conta que se vai a utilizar, por primeira vez en certas etapas educativas, unha aplicación informática para programacións e demandamos formación para profesorado no seu uso e flexibilidade nos prazos de entrega das programacións. **A Administración indica que sempre hai certa flexibilidade en función das circunstancias concretas que poida ter cada centro.** No seu lugar propoñemos atrasar a finalización das actividades lectivas do día 21 de xuño proposto ao día 22 de xuño. **A Administración informa de que haberá formación para o profesorado sobre o uso da nova aplicación informática cando o AMTEGA entregue a mesma.**

Se a Administración non acepta a proposta de ANPE Galicia de adiar o comezo ao día 12 de setembro e rematar o día 22 de xuño propoñemos como demanda alternativa comezar as actividades lectivas o día 9 de setembro en lugar do 8 se deste xeito se alcanza acordo sindical. **A Administración considera que non debe empezarse un venres. Considera que se comeza o día 12, como propón ANPE, non se chegaría aos días mínimos.** ANPE segue afirmando que, comezando o día 12 de setembro, poden rematarse as actividades lectivas o mesmo día que o curso pasado cumprindo os días lectivos mínimos establecidos pola normativa.

En Ensinanzas Especiais e Ciclos Formativos a duración do curso escolar debe estar adecuada á duración dos módulos formativos e destas ensinanzas. Non se debe establecer, polo tanto, para este tipo de ensinanzas, unha data fixa de inicio e fin de actividades lectivas.

Na etapa de Educación infantil demandamos que a duración do período de adaptación se prolongue ata finais do mes de setembro. **A Administración considera axeitado o recollido na Orde.**

O transporte escolar non debe condicionar os horarios dos centros.

Demandamos recuperar a redución horaria dos meses de xuño e setembro. Demandamos tamén a redución horaria lectiva do profesorado para restituír as 21 horas no corpo de mestres e 18 no resto. **A Administración considera que non é obxecto desta orde.**

Na disposición adicional segunda debería volver a falarse de ciclos. **A Administración responde que no se pode facer ata que estea completamente instaurada a LOMLOE.**

No anexo I consideramos positivo que se estableza o día 1 de abril como Día das Artes Galegas.

Para finalizar, ANPE Galicia considera que o calendario escolar debe ser de aplicación a TODOS os centros educativos e non soamente aos centros sostidos con fondos públicos.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- ANPE Galicia denuncia a situación producida en Monforte de Lemos cando se acaban de autorizar TODOS os ciclos formativos da familia de Servizos Socioculturais e á Comunidade a un centro non público cando a oferta no IES Francisco Daviña Rey da localidade non alcanza a cubrir a demanda e cando se lle nega a autorización para impartir ciclos novos da familia que si son autorizados no outro centro non público. ANPE Galicia defende que se debe priorizar SEMPRE aos centros públicos. **A Administración resposta que calquera persoa física o xurídica pode solicitar a autorización para impartir ciclos e que, se cumpre os requisitos, non se poden denegar.**
- Demandamos información sobre o programa PIALE. Demandamos tamén que os participantes do PIALE que están nos tribunais de oposición poidan renunciar a ditos tribunais. **A Administración resposta que está en proceso de contratación. A primeira convocatoria quedou deserta e están coa segunda convocatoria.**
- Demandamos tamén información sobre as persoas coordinadoras da Rede Dixital Galega. **A Administración resposta que hai 78 persoas coordinadoras e está supeditado a fondos de plans de cooperación territorial. Se ditos fondos persisten pois continuará o plan.**
- Demandamos información sobre o número de profesorado que se puxo a disposición para o Programa de inserción do alumnado provinte de Ucraína. Tamén solicitamos reforzo e formación específica para o profesorado que atende a alumnado estranxeiro e de minorías étnicas e que proceden de situacións de conflitos bélicos. **A Administración está traballando para usar persoas que están na Comunidade e que teñen coñecementos de ruso para poder facer de intermediarios entre centros e familias.**
- ANPE Galicia advirte dun erro na Orde de elección da dirección dos centros educativos, concretamente no seu artigo 10.2 onde se indica que os nomeamentos das novas direccións terán efectividade do 1 de xullo de 2021 polo que notificamos á Administración para que se corrixa dito erro. **A Administración confirma que sairá unha corrección de erros.**
- ANPE Galicia demanda información sobre a integración do profesorado do extinto corpo de FP no corpo de PES: calendario, prazos, etc... **A Administración informa de que coñece que o Ministerio está traballando nas normas (creación de especialidades, etc...). Están a traballar para resolver a cuestión pero van con lentitude. Se o Ministerio non aproba un RD de Especialidades a Consellería terá que resolver a cuestión circunstancialmente.**
- ANPE Galicia demanda a cobertura de substitucións de todo o profesorado independentemente da duración da mesma. Non se poden deixar de cubrir substitucións de menos de 10 días cando ademais vimos de cursos académicos complicados pola situación da pandemia. Tamén demandamos que se conceda ao profesorado interino e substituto os permisos por asuntos particulares. **Darán traslado a persoal da demanda.**
- ANPE Galicia demanda información sobre os currículos de ESO e Bacharelato. **A Consellería resposta que están en fase intermedia. A previsión é que pasen pola Mesa Sectorial antes de que remate o mes de maio.**